



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 588

VIII legislatura

25 de novembro de 2011

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

6. Eleccións, designacións e propostas de nomeamento

6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 25 de novembro de 2011, pola que se acepta como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a D. Pablo García García, D. Juan Manuel Jimenez Morán e D. José Manuel Romay Beccaría [169322](#)

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

7.3.3. Convocatorias

— Sesión plenaria (día 29 de novembro de 2011, ás 12.00 horas)

[169322](#)

— Sesión plenaria (día 29 de novembro de 2011, ás 13.00 horas)

[169322](#)

6. Eleccións, designacións e propostas de nomeamento

6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 25 de novembro de 2011, pola que se acepta como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a D. Pablo García García, D. Juan Manuel Jimenez Morán e D. José Manuel Romay Beccaría

Examínase o documento con número de rexistro de entrada 74104, remitido polo portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia, no que en cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento do día 22 de novembro de 2011 propón como candidato a senador en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a D. Pablo García García.

Así mesmo, examínase o documento con número de rexistro de entrada 74226, remitido polo portavoz do G.P. Popular de Galicia, no que en cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento do día 22 de novembro de 2011 propón como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a D. Juan Manuel Jimenez Morán e D. José Manuel Romay Beccaría.

A estes escritos achéganse as declaracións de D. Pablo García García, D. Juan Manuel Jimenez Morán e D. José Manuel Romay Beccaría de que aceptan ser candidatos e de que non están incurso nas causas de inelixibilidade establecidas nos artigos 6 e 154.1 da Lei orgánica de réxime electoral xeral.

A Presidencia, dado que se cumpren os requisitos legais esixidos, adopta o seguinte acordo:

1.º Aceptar como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes persoas:

- D. Pablo García García
- D. Juan Manuel Jimenez Morán
- D. José Manuel Romay Beccaría

2.º Comunicarlles este acordo aos portavoces dos grupos parlamentarios.

3.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

7.3.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 29 de novembro de 2011, ás 12.00 horas)

Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 29 de novembro de 2011, ás 12.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 24 de novembro de 2011, a orde do día da sesión é a seguinte:

1. Prestación de promesa ou xuramento das novas deputadas e deputados.
2. Elección de vicepresidenta 2.^a ou vicepresidente 2.^o.
3. Elección dun membro do Consello de Administración da Compañía da Radio-Televisión de Galicia (artigo 4 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía da Radio Televisión de Galicia).

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Sesión plenaria (día 29 de novembro de 2011, ás 13.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 29 de novembro de 2011, ás 13.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 24 de novembro de 2011, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único

Designación de senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 165.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.
08/PSND-0002 (71431)

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727